

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e ABANCA Corporación Bancaria, S.A. para a aplicación da Tarxeta da Mobilidade de Galicia (TMG e TMGXN)

O transporte público colectivo de persoas non só se configura como servizo público de carácter esencial para a poboación, senón que tamén contribúe á redución da contaminación e da conxestión das nosas cidades e, por tanto, ao incremento da calidade de vida do conxunto da poboación.

Coa finalidade de contribuír ao impulso do sistema de transporte público colectivo, un dos eixes de actuación prioritarios é o abaratamento do custo por viaxe ás persoas usuarias e o establecemento de sistemas de información e pagamento que contribúan á promoción da súa utilización recorrente, para o que a Xunta de Galicia, xunto inicialmente cos concellos participantes no Plan de transporte metropolitano de Galicia, impulsou o desenvolvemento e implantación dunha tarxeta moedeiro sen contactos para a súa utilización no sistema de transporte público, a TMG.

Para o impulso desta actuación, a entón Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a entidade, tamén entón, Caixa Galicia, formalizaron o 10 de abril de 2008 un convenio de colaboración para a mellora do sistema de pagamentos do transporte metropolitano de Galicia. No marco deste convenio de colaboración, as partes implantaron a tarxeta moedeiro sen contactos TMG, que veu substituír ás tarxetas con contactos que foran emitidas previamente nun marco de colaboración análogo impulsado entre ambas partes.

E con este mesmo obxectivo de impulsar a utilización do transporte público, de xeito singular entre a mocidade, a Xunta de Galicia procedeu á implantación da tarifa Xente Nova, e da Tarxeta TMGXN como instrumento para a súa xestión, para o que o 3 de agosto de 2016, a entón Consellería de Infraestruturas e Vivenda e ABANCA subscribiron un convenio de colaboración que tiña por obxecto establecer as bases de colaboración para a aplicación de bonificacións ás persoas con idades comprendidas entre os

Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 5, planta1ª
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 581
mobilidade.cim@xunta.gal
www.xunta.gal





4 anos e os 18 anos de idade, inclusive, no eido do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia.

Con posterioridade, a Orde do 18 de decembro de 2019 pola que se regula a tarifa específica Xente Nova no transporte público interurbano da competencia da Xunta de Galicia, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, publicada no DOG nº 248, do 31 de decembro de 2019, ampliou o ámbito de idade das persoas beneficiarias ata os 20 anos incluídos e, ademais, preveu a expansión territorial da tarifa Xente Nova mediante unha planificación programada das sucesivas ampliacións do seu ámbito territorial de aplicación ata abranguer a totalidade da Comunidade Autónoma, procedemento que, superadas os principais efectos do COVID-19, culminaría no mes de maio de 2021. Ademais, esta ampliación territorial do ámbito de aplicación resultaba, por outra parte, coherente coa ampliación igualmente a todos os servizos públicos de transporte de Galicia da posibilidade de utilización da tarxeta TMG.

Ademais, dende o 1 de xaneiro de 2024 está en vigor a *Tarifa +65*, dirixida a facilitar ás persoas maiores de 65 a posibilidade de realizar ata 60 viaxes mensuais gratuítas nos servizos públicos de transporte da competencia da Xunta de Galicia. Esta nova tarifa estableceu para a súa utilización a necesidade de dispoñer dunha tarxeta TMG, ao ser este o instrumento empregado para a súa aplicación material. A vixencia actual desta tarifa é ata o 31 de decembro de 2025.

Deste xeito no presente convenio recóllense actuacións dirixidas estritamente ao mantemento do actual sistema de pagamentos que xa fora obxecto de convenios de colaboración anteriores entre as mesmas partes, como as relacionadas coa garantía da subministración ás persoas usuarias das tarxetas TMG a prezos bonificados. O custe material destas tarxetas ten variado ao longo dos últimos anos, reducíndose dende o entorno dos cinco euros ao principio do proxecto, a custos no entorno dos tres euros nestes últimos anos.

En calquera caso, a propia operativa do sistema de transporte público, e o carácter incentivador do seu uso que se persigue dende a Administración coas Tarxetas da Mobilidade de Galicia, require que o seu custo de distribución ás persoas usuarias sexa máis limitado, mantendo o importe



de 2 euros para a TMG ordinaria e o carácter gratuíto da TMGXN (vinculado coa propia gratuidade da tarifa Xente Nova). Para tal fin, as partes formalizaron diferentes convenios de colaboración cos que, dende 2008, financiouse a bonificación de 810.000 tarxetas TMG, e de 274.000 tarxetas TMGXN, que foron distribuídas entre as persoas usuarias e das que resulta moi limitado o remanente resultante na rede de distribución.

De xeito congruente co anterior, cómpre incrementar o volume de tarxetas TMG e TMGXN que se poña a disposición das persoas usuarias a un prezo bonificado ou gratuíto, para o que as partes estiman preciso a incorporación de 205.000 novas tarxetas TMG e 79.689 tarxetas TMGXN.

Estimando un custo máximo de adquisición en 3,678 € por TMG, e 3,654 a TMGXN, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes asume no proxecto de convenio a obriga de abonar a ABANCA a diferenza entre o custo final de adquisición que tivesen as correspondentes tarxetas, que soportase ABANCA, e o prezo de subministración establecido, fixando en todo caso un importe máximo de 606.684,08 €.

Polo exposto, a dotación total do convenio, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 2025.05.08.512A.470.1 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2025, ascende a **606.684,08 €**.

Finalmente, o proxecto de convenio establece a súa duración, dende a súa sinatura ata o 31/12/2025.

A xefa de servizo de Coordinación dos Plans de Transporte

Tania Álvarez Meda

O subdirector xeral de Ordenación do Transporte

Pablo Alejandro Amenedo Bermúdez

Conforme:

A directora xeral de Mobilidade

Judit Fontenla Baró (*documento asinado dixitalmente*)

